


Dez anos en loita

 MAR SUÁREZ



Era en xuño do ano 90 cando varias traballadoras da empresa Conservas CHARPO, S. A. se pechaban por 1ª vez no Concello de Vilanova de Arousa.

Esixían a regularización da súa situación laboral e denunciaban as condicións infrahumanas nas que estaban traballando: falta total de seguridade e hixiene no traballo, horarios interminábeis, saláridos de miseria (menos do 50% do legal), non existían horas extras, nen Seguridade Social, nen desemprego, e, ademais, a que protestase era represaliada ou sinxelamente non voltaba a traballar. Era o feudo dos Charlíns, alí non había máis Lei que a deles.

¡Ninguén se imaxinaba a longa loita que lles agardaba!

Pese a que a empresa asinou un ACORDO no que recoñece a categoría de fixas-discontinuas a todas as traballadoras, comprometéndose a aplicar o Convenio Colectivo e a non tomar represalias coas denunciadas, os Charlíns non tardaron en pasar factura as «ousadas» traballadoras que protagonizaron as denuncias, e chegaron os primeiros despidos (setembro do 90), as sancións, as ameazas, as agresións físicas, as discriminacións e os peches no Concello, as mobilizacións, as folgas de fame, a folga xeral en Vilanova, as denuncias no Xulgado e na Inspección de Traballo, a solidariedade de moitas, moitísimas persoas que apoiaron a súa valentía. E, como feliz consecuencia de todo isto, no 91, Charpo readmitía as traballadoras e pagaba os saláridos de trámite (os devengados desde o despido até a readmisión).

Mais, os Charlíns seguen empeñados en cargarse ás traballadoras «molestas».

No ano 93 os Charlíns (asesorados polo avogado J. Luis Piñeiro Vidal, especialista en pechar empresas) descapitalizan Charpo, S. A., invisten noutras do grupo empresarial e do sector; despiden a 57 traballadoras, presentan unha suspensión de pagos no Xulgado de Vilagarcía (que foi admitida aínda sendo claramente fraudulenta) e tamén intentan que a Consellería

rios de trámite. Pese aos innumerábeis recursos presentados polo avogado da empresa, o Xulgado do Social de Pontevedra, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o Tribunal Supremo, a Inspección Provincial de Traballo e a Consellería de Traballo, sempre lle deron a RAZÓN ás traballadoras nas diversas sentencias, actas e multas.

Os Charlíns néganse sistemáticamente a cumprir a sentenza do 93 e durante cáseque tres anos NEN PAGAN, NEN READMITEN. Neste



Peche das traballadoras de Charpo, 1990

de Traballo aprobe unha regulación de emprego alegando unha suposta crise económica da empresa. Todo para desfacerse das traballadoras «malas», ou sexa aquelas que defenden os seus dereitos.

O Xulgado do Social nº 3 de Pontevedra declara os despidos nulos e condea á CHARPO, S. A. a readmitir ás traballadoras e a pagar os salá-

tempo as traballadoras vense obrigadas a embargar os bens de Charpo, S. A. para intentar cobrar a débeda polos saláridos de trámite.

En novembro de 1995 o xuíz Baltasar Garzón intervén xudicialmente as empresas de Manuel Charlín Gama, entre as que se atopa Charpo, S. A., e nomea tres administradores xudiciais solidarios para

...e seguen !

o conxunto do grupo empresarial. Estas medidas xeraron grandes expectativas no conxunto da sociedade e moi especialmente no colectivo de traballadoras despedidas, que pensaron que por fin se cumpría a sentenza. Parecía lóxico esperar que a Administración Xudicial acatara a Sentencia Xudicial.

Mais, os administradores xudiciais coa argumentación de que non lles poden dar traballo néganse a cumprir a sentenza e só despois da presión e das denuncias públicas conséguíase que por fin readmitan ás traballadoras o 31 de xaneiro de 1996. Ao día seguinte mándanas ao paro, xa que son fixas-discontinuas. É dicir, vense obrigados a readmitilas, mais non están dispostos a mover unha palla para xestionar un plano de viabilidade. De feito as traballadoras inician xestións coa Xunta de Galicia e coa Administración Xudicial, pero a actitude de ambas administracións impide que cristalice a iniciativa: os primeiros por pasividade e os segundos porque asumen totalmente os razonamentos dos antigos narco-patronos, de que Charpo está en crise, que non ten liquidez, que non poden dar traballo máis que a unhas poucas (coma sempre as mesmas, as fideis dos

o Xulgado do Social nº 1 de Pontevedra dalle a razón ás traballadoras declarando os despedidos improcedentes e condeando a todas as empresas do Grupo.

Charlins). Sen facer caso do que as traballadoras viñan denunciando sistematicamente: a descapitalización intencionada de Charpo, por parte dos Charlíns, para semellar unha crise e así poder desfacerse das traballadoras «molestas»!

Inexplicablemente, en maio do 96 Garzón suspende a Administración Xudicial de Charpo e repón no cargo de administrador a Oscar Charlín Pomares, (fillo de Manuel Charlín Gama) baixo o control de dous interventores xudiciais. Nunha primeira etapa da nova xestión as cousas parecían mellorar, había traballo e a conflictividade era menor que cando estaba o pai ou a irmá (Josefa Charlín Pomares); mais non durou moito, apareceu don Manuel e outra vez a mesma historia: ameazas, agresións e, sobre todo, un total desprecio á dignidade das traballadoras e aos seus dereitos.

Nestes últimos anos o abandono da empresa –administrada por Oscar e baixo control de interventores xudiciais– foi cada vez maior e, para colmo de males, o Convenio Colectivo da Conserva asinado por UXT e CC.OO. xa non garante os 181 días de traballo ao ano, permitindo que empresas como Charpo non chamen a traballar ás mulleres. Namentras, os Charlíns poden traballar noutras empresas do grupo intervidas pola Administración Xudicial ou en novas empresas que constituiron, como a que montou Oscar Charlín namentras deixaba morrer Charpo. Todo isto coa pasividade ou consentimento da Administración Xudicial.

Ante esta situación, as traballadoras empezan a valorar a posibilidade de subastar o cocedeiro, que xa tiñan embargado pero que non sacaran a subasta porque consideraban máis importante manter os postos de traballo. Pero, a primeiros do presente ano, o Sr. Garzón xera novas expectativas ao nomear outra vez tres administradores xudiciais para todo o grupo empresarial, retirando a Oscar Charlín da administración de Charpo.

Os primeiros contactos cos novos administradores xudiciais foron esperanzadores. Dicían que confiaban na viabilidade do cocedeiro, que era un sector en auge na comarca, que precisaban algo de tempo para xestionar a financiación, que se comprometían a falar coa Consellería de Industria para que apoiase un Plano de Viabilidade, e que as traballadoras pronto serían chamadas a traballar. Moi boas palabras, pero só palabras. Os administradores xudiciais, non souperon ou non quixeron buscar a viabilidade da empresa e, en maio do 99 DESPIDEN a toda a plantilla de Charpo (ás malas e ás boas) utilizando os argumentos de sempre, os dos Charlíns: que non hai liquidez,



As traballadoras durante algúns momentos do peche

que hai crise e que PECHAN a empresa.

¡A Administración Xudicial foi quen de facer o que os Charlíns quixeron pero non poideron facer!

¡Agora, quen despide é a propia administración xudicial!

Existen rumores de que os Administradores Xudiciais están sendo ameazados pola familia Charlín para que defendan as súas posturas. Se isto é certo... ¡é de escándalo que isto non se denuncie e que sexan precisamente as traballadoras que tiveron o valor de enfrontarse a esta familia as que teñan que sufrir as consecuencias!

A Demanda por estes despidos —que presenta a avogada Isabel Barbero— xa non é só contra Charpo S. A., está dirixida contra todas as empresas do grupo empresarial dos Charlíns e, de novo, o Xulgado do Social nº 1 de Pontevedra dalle a razón ás traballadoras declarando os despidos improcedentes e condeando a todas as empresas do grupo. Isto é unha conquista importantísima, pois Charpo non ten bens suficientes para cubrir a débeda que ten coas traballadoras, pois entre o despido do 93 e o de maio do 99 a débeda pode roldar os 200 millóns de pesetas.

Por outra banda, e para complicar aínda máis as cousas, en xullo deste ano, a Tesourería da Seguridade Social, aproveitándose dun erro dos avogados de CC.OO. e C.I.G., que levaban anteriormente o despido —non renovar a anotación do embargo no Rexistro da Propriedade—, anuncia que saca a subasta o cocedeiro de Charpo para cubrir a débeda das cotizacións que xerara o despido do 93. ¡INCREDIBLE, PERO CERTO! As cotizacións á Seguridade Social que xeran os propios salá-



As traballadoras durante algúns momentos do peche

rios de tramitación conseguidos polas traballadoras no xulgado, utilizaos a tesourería da S. S. para intentar arrebatarlle o cocedeiro ás traballadoras. ¡Menudo morro!

¡Despois de denunciar públicamente a situación, as traballadoras deciden desprazarse a Vigo, á Tesourería, o día da subasta do cocedeiro, para impedir que se celebre. Ao final dan marcha atrás e recoñecen o mellor dereito das traballadoras sobre o cocedeiro.

Agora, esperan que sexa o Xulgado do Social quen realice a subasta. Existen empresarios interesados que poderían activar a empresa mantendo os postos de traballo, que é do que se trata. Por suposto, sen Charlíns e sen administradores xudiciais.

Despois das esperanzas postas na actuación de Garzón contra os Charlíns, resulta decepcionante e insultante que sexa a propia xustiza a que despida, utilizando as mesmas artimañas que os Charlíns.

¡É de escándalo que a Tesourería pretendere quedarse co cocedeiro por unha débeda que se xerou polas denuncias das traballadoras!

¡Pretenden loitar contra o narcotráfego, o blanqueo e a compe-

tencia desleal, embargando empresas para logo pechalas e deixar á xente na rúa?

¿Por que as Institucións públicas se limitan a facer declaracións de intencións e nada máis?

¡É unha inmoralidade que os administradores xudiciais estén contratando ás traballadoras fideis aos Charlíns nas outras empresas do grupo namentras o resto está na rúa!

En todos estos anos de loita gañaron TODAS as sentencias. Agora falta que se vaian cumprindo. ¡Que se faga Xustiza! ¡mesmo contra a xustiza!

Ao longo destes anos de funcionamento asembleario, pese aos fortes atrancos de todo tipo que padeceron, a unidade, a solidariedade e a súa autoestima fortalecéronse e están moi contentas de poder manter a bandeira da súa dignidade moi alta. Aprenderon a non calarse e a non comulgar con rodas de muiño. En todos estes anos, as traballadoras de Charpo e as persoas que temos compartido esta longa andaina, temos aprendido que... POUCA A POUCA, TODAS XUNTAS... IMOS ROMPENDO O SILENCIO, IMOS GAÑANDO BATALLAS.

andaina

